

**CONTIDOS**

1.ª AVALIACIÓN Tema 1: Números reais. Porcentaxes. Tema 2: Potencias e radicais. Logaritmos. Tema 3: Polinomios e fraccións alxébricas Tema 4: Ecuacións e inecuacións. Tema 5: Sistemas de ecuacións e inecuacións. UDI.	2.ª AVALIACIÓN Tema 6: Áreas e volumes. Semellanza. Tema 7: Trigonometría. Tema 8: Vectores e rectas. Tema 9: Funcións. Tema 10: Funcións polinómicas e racionais. Tema 11: Funcións expoñenciais, logarítmicas e trigonométricas. UDI.	3.ª AVALIACIÓN Tema 12: Estatística. Tema 13: Combinatoria. Tema 14: Probabilidade
--	---	--

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua formativa e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro. En cada avaliación haberá como mínimo, dúas probas escritas ou exames. Na última proba de cada avaliación, poderá preguntarse ao alumnado por toda a materia estudada dende o comezo do curso ata ese momento.

Obtención da cualificación

Probas escritas	75% (30% controis e 45% exame avaliación)
Traballo persoal e/ou proxectos	20%
Cálculo mental	5%
O alumnado que participe en actividades do Departamento, tales como Cifras e Letras, Open Matemático, Canguro Matemático e outras, engadirá ata 1 punto á nota da avaliación correspondente segundo os criterios fixados en cada actividade, tendo en conta que a nota final da avaliación ten que axustarse á lexislación, isto é, debe ser menor o igual que 10.	

Para aprobar a avaliación é necesario acadar a cualificación de **cinco puntos**.

Ao remate da terceira avaliación daráselle ao alumnado a posibilidade de subir a nota cunha proba global de toda a materia.

A cualificación da *avaliación ordinaria* obterase coa media ponderada das cualificacións das tres avaliacións cos seguintes "pesos" (porcentaxes): **1ª avaliación: 25 %**, **2ª avaliación: 35 %**, **3ª avaliación: 40 %**.. Debido a que se trata de avaliación continua, no caso de ter superada a terceira avaliación, si a media ponderada non acada o 5, a cualificación final será de 5.

Se un alumno ou alumna non supera a materia na avaliación ordinaria, na avaliación extraordinaria realizará unha proba global da materia que será cualificada de 0 a 10 puntos. Para obter o aprobado é necesario acadar a cualificación de **cinco puntos**.

No caso de detectar que se copia nun exame retirase o exame inmediatamente e darase a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de, alomenos, dous membros do departamento. Esta mesma medida **podería** aplicarse cando un alumno/a non asista ao exame de avaliación.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Lecturas Recomendadas:

- **El diablo de los números**
Autor: HANS MAGNUS ENZENSBERGER
Editorial: EDICIONES SIRUELA
- **Matemática demente** Lewis Carrol (Dispoñemos de 2 exemplares na Biblioteca)
- **Alicia en el país de las matemáticas** Lewis Carrol (Dispoñemos de 1 exemplar na Biblioteca)
- **Cuentos del cero** Luis Balbuena. Editorial: Nivola

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Open Matemático, etc.